

Información sobre a inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos. Axente de residuos non perigosos

Expediente nº: 2023-CO-I-00743/JRI

De conformidade coa comunicación da súa actividade de axente de residuos recibida o 13 de outubro de 2023, con rexistro de entrada (2023/2778765) esta administración ambiental procedeu a realizar a inscrición da súa empresa no Rexistro de Produción e Xestión de residuos co número 12A02150012469200. Esta inscrición practícase sen prexuízo das demais licenzas e autorizacións esixidas polo ordenamento xurídico para exercer esta actividade. Os datos rexistrados recóllense no anexo a este escrito.

Recordámoslle que no exercicio da actividade de xestión de residuos comunicada debe cumprir as seguintes obrigas:

PRIMEIRA.- Cumprimento da normativa de residuos.

A empresa deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

SEGUNDA.- Arquivo cronolóxico das actividades.

A empresa deberá dispor dun arquivo, onde se recolla por orden cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, medio de transporte e frecuencia da recollida, segundo o establecido no artigo 64 da *Lei 7/2022, do 8 de abril de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, e no artigo 26.2 da *Lei 6/2021, do 17 de febreiro de residuos e solos contaminados de Galicia*, e no artigo 6 do Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, por el que se regula el traslado de residuos en el interior del territorio del estado, debendo empregar para elo o arquivo cronolóxico telemático da plataforma GalA eResiduos.

TERCEIRA.- Mantemento das garantías.

Durante a vixencia da inscrición os axentes que xestionen residuos perigosos deben manter vixentes e actualizadas en todo momento as garantías esixibles segundo o

establecido na normativa aplicable.

CUARTA.- Desenvolvemento da actividade.

Os axentes están obrigados ao cumprimento do declarado na comunicación e as cláusulas e condicións asumidas contractualmente, debendo limitarse a súa actividade a organizar a valorización ou eliminación de residuos por encargo de terceiros sen que este encargo exima de responsabilidade ao mandante.

QUINTA.- Outras autorizacións e licenzas.

A inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos practícase sen prexuízo das demais licenzas e autorizacións esixidas polo ordenamento xurídico para exercer esta actividade.

SEXTA.- Consecuencias do incumprimento das obrigas.

O incumprimento destas obrigas ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na *Lei 6/2021, de 17 de febreiro*, e no que proceda na *Lei 7/2022, do 8 de abril*.

SETIMA.- Actualización dos datos de rexistro.

Calquera modificación dos datos contidos na súa comunicación deberá ser comunicada no prazo dun mes desde a data na que se produza a efectos de actualizar a información contida no rexistro.



ANEXO:

DATOS DA INSCRICIÓN DE AXENTE DE RESIDUOS NON PERIGOSOS			
Nome do titular:	RGR SOSTENIBLE SL		
Domicilio social:	LUGAR CAMBRELLE 23, - CARBALLO		
NIF:	B72849318		
Domicilio do centro de traballo:	LUGAR CAMBRELLE 23, - CARBALLO		
Coordenadas UTM (huso 29)	X:524536		
Datum ETRS89:	Y:4792353		
NIMA:	1500124692		
Nº de inscrición asignado:	RXPXRG	eSIR	
	CO-I-NP-AR-00084	12A02150012469200	
Residuos rexistrados:	LER	Descrición	t/ano
	200101	Papel e cartón	15
	200102	Vidro	20
	200108	Residuos biodegradables de cociñas e restaurantes	15
	200110	Roupa	15
	200111	Tecidos	15
	200125	Aceites e graxas comestibles	15
	200134	Baterías e acumuladores distintos dos especificados no código 20 01 33	20
	200136	Equipos eléctricos e electrónicos fóra de uso distintos dos especificados nos códigos 20 01 21, 20 01 23 e 20 01 35	20
	200138	Madeira distinta da especificada no código 20 01 37	20
	200139	Plásticos	15
	200140	Metais	20
	200199	Outras fraccións non especificadas noutra categoría	15
	200201	Residuos biodegradables	15
	200301	Mesturas de residuos municipais	20
	200307	Residuos voluminosos	20
	TOTAL		260

A Coruña, na data da sinatura dixital
A xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Belén Quinteiro Seoane

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E VIVENDA
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Edf. Admtvo. de Monelos - Vicente Ferrer, 2 -5º
15071 A CORUÑA
Tfno: 981 184578- 981184462

CÓDIGO EXPEDIENTE:2023-CO-I-00743/JRI

